

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**2073** *Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.*

Mediante Real decreto do 2 de outubro de 1878 dispúxose xa o establecemento no Ministerio de Graza e Xustiza dun Rexistro central de procesados e outro de penados, consecuencia da necesidade de satisfacer un fin xurídico elemental: facer posible a demostración da reincidencia para a aplicación máis xustificada dos correspondentes preceptos do Código penal, así como para poder establecer as medidas cautelares necesarias que asegurasen a presenza do inculpado no xuízo.

A promulgación de leis xerais de tanta transcendencia pública e privada como son a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, constitúen elementos determinantes na súa evolución. Por outro lado, os acordos ou convenios subscritos con Estados en ámbitos de cooperación bilateral ou multilateral e as normas comunitarias obrigan o Rexistro a unha continua avaliación dos seus procedementos, innovándoos cando sexa necesario, pero con respecto aos principios a que responde a súa creación.

Con posterioridade, e en virtude dos reais decretos 231/2002, do 1 de marzo, 232/2002, do 1 de marzo, e 355/2004, do 5 de marzo, entraron en funcionamento os rexistros centrais de rebeldes civís, de sentenzas de responsabilidade penal dos menores e para a protección das vítimas de violencia doméstica.

O Plan de transparencia xudicial, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 25 de outubro de 2005, establece dentro dos seus obxectivos a mellora do sistema de rexistros xudiciais, que constitúe un referente ineludible para o exercicio eficaz das funcións que, en materia penal, e no caso do Rexistro central de rebeldes civís, en materia civil, as leis atribúen á Administración de xustiza.

A consecución deste obxectivo pasa por proporcionar aos xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e policía xudicial novas ferramentas de traballo que faciliten o manexo da información e permita que determinados usuarios -previamente definidos, en función do tipo de información que van manexar- teñan un coñecemento completo da información que precisan para o exercicio das funcións que teñen encomendadas e para a correcta toma de decisións.

Agora, como novidade máis destacada, mediante este real decreto lévase a cabo a creación e posta en funcionamento do Rexistro de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, previsto na disposición adicional segunda da Lei de axuízamento criminal, que, na orde xurisdiccional penal, constituirá un instrumento de grande utilidade que permitirá ao órgano xudicial dispor doutros elementos de xuízo, ademais dos xa existentes, co fin de ponderar as súas resolucións nas distintas fases do proceso penal. Igualmente, é importante ofrecer información sobre a existencia de ordes en vigor de busca e captura ou de detención e posta á disposición, que permiten ao xuíz valorar a existencia de risco de fuga, na resolución en que decida sobre a prisión ou liberdade provisoria do imputado, tal como se establece no artigo 503.1.3º a), parágrafo 3.º da Lei de axuízamento criminal do 14 de setembro de 1882.

A perigosidade do suxeito é un dato fundamental á hora de individualizar a pena na sentenza, xa que o xuíz debe ter en conta, ao impor aquela, non só a gravidade do feito, senón tamén as circunstancias persoais do culpable, conforme o disposto no artigo 66.1.6.º da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e para a concesión do beneficio de suspensión da condena non só é necesario que se cumpran os requisitos que

se determinan no artigo 81 do Código penal, senón que cómpre que o tribunal tamén teña en conta a perigosidade do suxeito, así como a existencia doutros procedementos penais contra este, de conformidade co artigo 80.1 do mesmo texto legal, para o que pode ser un dato fundamental se se encontra en prisión provisoria ou sufrindo outra medida cautelar en causa penal distinta. Tamén para o instituto da substitución das penas de prisión polas de localización permanente ou de multa é preciso ter en conta as circunstancias persoais do reo, e a súa conduta, tal como prevé o artigo 88.1 do Código penal, para cuxa valoración é igualmente preciso coñecer se se encontra incurso noutras causas criminais por delito, e se nesas causas se acordaron medidas cautelares contra el.

Ademais, aínda que este rexistro non está concibido como rexistro específico de agresores sexuais, sen ningunha dúbida a súa posta en funcionamento contribuirá a previr a especial reincidencia que se produce nestes tipos delictivos. Por outro lado, un dos obxectivos perseguidos é a protección específica das vítimas de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual que sexan menores de idade. Así, un dos aspectos innovadores que reflectirá a información contida no rexistro será precisamente a condición de menor de idade das vítimas desta clase de delitos, proporcionando tanto aos xulgados e tribunais como á policía xudicial novos elementos de coñecemento que permitan unha protección máis eficaz dos menores.

Estas, e outras moitas razóns, avalan a necesidade de organizar este novo rexistro, non en forma illada senón nun conxunto organizado que constitúa un sistema de información integrado no que os distintos usuarios poidan obter, en función do acceso que lles foi concedido, unha información adecuada ás súas necesidades, rápida e veraz.

Todo o exposto xustifica a conveniencia de publicar unha norma na cal, nun sistema único, se recollan e sistematicen todas as disposicións, con frecuencia obsoletas, que regulan as competencias, organización e ámbito de actuación de diferentes rexistros. A finalidade pretendida é que desde un único punto os xulgados e tribunais xestionen tanto a incorporación de datos aos distintos rexistros como as consultas que realicen. Nun período razoable lograrase que a información acceda aos rexistros mediante a transferencia de datos desde o sistema de xestión procesual. Deste xeito, o tempo empregado na xestión ordinaria dos expedientes servirá para a inscrición no rexistro. Ao mesmo tempo, establécese para todos os rexistros que a transmisión e o acceso á información contida neles se realice a través de procedementos telemáticos.

En definitiva, este sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza ten como obxecto principal servir de apoio á actividade dos órganos xudiciais e impulsar a súa modernización. Asemade, perséguese contribuir á conexión do sistema de rexistros cos rexistros doutros países da Unión Europea, conforme o previsto na Decisión 2005/876/JAI do Consello, do 21 de novembro de 2005, e a proposta de Decisión marco do Consello relativa á organización e ao contido do intercambio de información dos rexistros de antecedentes penais entre os Estados membros.

O real decreto dedica o capítulo I a establecer unha serie de disposicións xerais sobre o obxecto e natureza do sistema de rexistros, destacando o seu carácter non público e a súa dependencia do Ministerio de Xustiza. O artigo terceiro refírese á inscrición da información procedente de órganos xudiciais estranxeiros e o artigo cuarto, á organización do sistema integrado.

O capítulo II establece quen pode acceder aos diferentes niveis de información en función do perfil adxudicado.

O capítulo III detalla a información que debe conterse en cada un dos rexistros e os prazos para o envío dela. Como novidade destacada, optouse por incluír os autos de rebeldía dentro da información que debe inscribirse no Rexistro de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, ao entender que a declaración de rebeldía pode adoptarse en distintas fases do procedemento.

As medidas de seguranza do sistema e dos datos contidos nel, de conformidade co previsto na lexislación sobre protección de datos, son obxecto de regulación no capítulo IV.

O capítulo V ocúpase da emisión do certificado das inscricións contidas no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza. Regúlase a súa emisión por

instancia do titular, extremando as cautelas co fin de evitar que os datos rexistrais sexan obtidos por persoa diferente do afectado. Establécese o procedemento da certificación de datos penais obtidos directamente polos órganos xudiciais, respecto ás causas que se tramiten nos xulgados; eliminando trámites burocráticos sen ningunha mingua da seguranza xurídica e regulando o marco de colaboración entre administracións públicas, en liña co que se establece na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O capítulo VI desenvolve cuestións relativas á cancelación de inscricións. Deste xeito, puidéronse regular de forma unitaria algúns aspectos importantes do sistema rexistral, coas particularidades propias de cada tipo de asento e respectando, polo que aos antecedentes penais se refire, a regulación contida no artigo 136 do Código penal. Conclúe o real decreto cunha referencia á elaboración da información estatística que dos datos contidos no sistema de rexistros pode derivarse, información de calidade e de enorme significado que debe configurarse como un importante aspecto do Plan de transparencia xudicial.

Este real decreto foi sometido a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado, da Axencia Española de Protección de Datos e do Consello do Secretariado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto crear o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, e regular a súa organización e funcionamento.

2. O dito sistema de rexistros estará integrado polo Rexistro central de penados, o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, o Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, o Rexistro central de rebeldes civís e o Rexistro de sentenzas de responsabilidade penal dos menores.

#### Artigo 2. *Natureza do sistema de rexistros de apoio á Administración de xustiza.*

1. O sistema de rexistros constitúe un sistema de información de carácter non público cuxo obxectivo fundamental é servir de apoio á actividade dos órganos xudiciais e do Ministerio Fiscal, das forzas e corpos de seguranza do Estado e corpos de policía das comunidades autónomas con competencias plenas en materia de seguranza pública, e doutros órganos administrativos, no ámbito das competencias delimitadas neste real decreto.

2. O seu ámbito de actividade esténdese a todo o territorio nacional, sen prexuízo do disposto polos tratados internacionais subscritos nesta materia por España.

3. Este sistema, integrado polas bases de datos dos rexistros que a seguir se relacionan, ten por obxecto, en cada caso:

a) Rexistro central de penados: a inscrición das resolucións firmes pola comisión dun delito ou falta que impoñan penas ou medidas de seguranza, ditadas polos xulgados ou tribunais da orde xurisdiccional penal.

b) Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes: a inscrición de penas e medidas de seguranza impostas en sentenza non firme por delito ou falta e medidas cautelares notificadas ao imputado que non sexan obxecto de inscrición no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, autos de declaración

de rebeldía e requisitorias adoptadas no curso dun procedemento penal polos xulgados ou tribunais da orde xurisdiccional penal.

c) Rexistro central para a protección das vítimas de violencia doméstica: a inscrición de penas e medidas de seguranza impostas en sentenza por delito ou falta, medidas cautelares e ordes de protección acordadas en procedementos penais en tramitación, contra algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal. Así mesmo, a inscrición dos quebrantamentos de calquera pena, medida ou orde de protección acordada os ditos procedementos penais.

d) Rexistro central de rebeldes civís: a inscrición de demandados en calquera procedemento civil cuxo domicilio se descoñeza e sempre que non tivesen resultado positivo as pescudas de domicilio a que se refire o artigo 156 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

e) Rexistro central de sentenzas de responsabilidade penal dos menores: a inscrición de sentenzas condenatorias firmes ditadas polos xulgados e tribunais en aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

### Artigo 3. *Información procedente de órganos xurisdicionais estranxeiros.*

Ademais das sentenzas e autos a que se refire o número 3.a) do artigo anterior, inscribíranse no Rexistro central de penados as seguintes sentenzas firmes ditadas polos órganos xurisdicionais estranxeiros:

a) As ditadas polos xulgados e tribunais de calquera Estado estranxeiro, cando así o determinen os tratados internacionais sobre esta materia subscritos por España.

b) As ditadas por xulgados e tribunais europeos, de acordo co previsto nos tratados internacionais de asistencia xudicial en materia penal subscritos por España e as disposicións ditadas pola Unión Europea.

c) As ditadas por xulgados e tribunais estranxeiros cando a súa execución se realice en España. A inscrición practícarase por instancia do órgano xudicial español que coñeza da execución.

### Artigo 4. *Organización.*

1. A xestión das bases de datos que integran o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza corresponde ao Ministerio de Xustiza, a través da Secretaría de Estado de Xustiza.

2. En cada rexistro existirá un encargado, que será responsable da súa organización e xestión, adoptará as medidas necesarias para asegurar o seu correcto funcionamento, velará pola veracidade, confidencialidade e integridade das inscricións e impulsará o cumprimento do previsto en materia de cancelacións destas.

## CAPÍTULO II

### Acceso á información

#### Artigo 5. *Acceso xeral á información contida no sistema de rexistros.*

1. O Ministerio de Xustiza autorizará, establecendo as medidas de seguranza oportunas, o acceso directo á información contida nos rexistros centrais integrados no sistema:

a) Aos órganos xudiciais, a través do persoal de cada oficina xudicial autorizado polo secretario xudicial, para os efectos da súa utilización nos procedementos e actuacións de que estean a coñecer no ámbito das súas respectivas competencias, conforme as disposicións legais vixentes.

b) Ao Ministerio Fiscal, a través do persoal de cada fiscalía autorizado polo fiscal xefe, cando isto resulte necesario para o cumprimento das funcións atribuídas a el pola Lei de axuízamento criminal, aprobada por real decreto do 14 de setembro de 1882, a Lei

orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

2. En calquera caso, os interesados, acreditando a súa identidade, terán dereito a solicitar o acceso, mediante exhibición, unicamente aos datos relativos á súa persoa contidos en calquera dos rexistros a que se refire este real decreto.

*Artículo 6. Acceso á información contida no Rexistro central de penados e no Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes.*

Ademais dos indicados no artigo anterior, o Ministerio de Xustiza autorizará, establecendo as medidas de seguranza oportunas, o acceso directo á información contida no Rexistro central de penados e no Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, sempre que nun e noutro caso se refira a inscricións non canceladas:

a) Á policía xudicial, a través dos funcionarios autorizados que desempeñen estas funcións, no que sexa necesario para o exercicio das competencias previstas no artigo 549.1 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Ás unidades de intervención de armas e explosivos da Garda Civil responsables da concesión dos permisos de armas, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

c) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables da expedición do pasaporte, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

d) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables do control de entrada e saída do territorio nacional, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

*Artículo 7. Acceso á información contida no Rexistro central de protección ás vítimas de violencia doméstica.*

1. Ademais dos indicados no artigo 5, o Ministerio de Xustiza autorizará, establecendo as medidas de seguranza oportunas, o acceso directo á información contida no Rexistro central de protección ás vítimas de violencia doméstica:

a) Á policía xudicial, a través dos funcionarios autorizados que desempeñen estas funcións, no que sexa necesario para o exercicio das competencias previstas no artigo 549.1 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Ás unidades de intervención de armas e explosivos da Garda Civil responsables da concesión dos permisos de armas, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

c) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables da expedición do pasaporte, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

d) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables do control de entrada e saída do territorio nacional, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

e) Ás unidades de policía especialmente encargadas do control e seguimento da violencia doméstica, exclusivamente no ámbito das súas competencias de protección de vítimas de violencia doméstica ou de xénero, a través dos funcionarios autorizados.

f) Ás comunidades autónomas, exclusivamente no ámbito das súas competencias de protección das vítimas de violencia doméstica ou de xénero, a través do responsable do punto de coordinación ou, de ser o caso, a través das persoas designadas polo dito responsable. Este acceso directo entenderase sen prexuízo das comunicacións previstas pola disposición adicional primeira deste real decreto.

g) Ás delegacións e subdelegacións do Goberno, exclusivamente no ámbito das súas competencias de protección de vítimas de violencia doméstica ou de xénero. No caso das delegacións do Goberno, a través do responsable da unidade de coordinación

contra a violencia sobre a muller ou as persoas que este designe; no caso das subdelegacións do Goberno, a través do responsable da unidade contra a violencia sobre a muller ou as persoas que este designe.

h) Á Administración Penitenciaria, exclusivamente no ámbito das súas competencias de protección das vítimas da violencia doméstica ou de xénero, a través dos funcionarios autorizados.

2. O encargado do Rexistro central de protección de vítimas de violencia doméstica comunicará, cando menos semanalmente, ao Instituto Nacional da Seguraza Social, ao Instituto Social da Mariña e á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda a información relativa aos procedementos terminados por sentenza firme condenatoria que se inscriban no dito rexistro pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesións cando a ofendida polo delito for cónxuxe ou ex cónxuxe do condenado ou estiver ou tiver estado ligada a el por unha análoga relación de afectividade para efectos de dar cumprimento ao previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

### CAPÍTULO III

#### Información contida no sistema

Artigo 8. *Información de carácter xeral contida nos rexistros integrados no sistema.*

A información contida nos rexistros centrais integrados no sistema deberá comprender, con carácter xeral, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos do condenado, rebelde, sometido a medidas de seguraza ou medida cautelar, alias de ser o caso, sexo, data de nacemento, nome dos pais, localidade, provincia, país de nacemento, domicilio coñecido, nacionalidade e documento nacional de identidade ou NIE, pasaporte ou tarxeta de identidade no caso dos estranxeiros.

b) Órgano xudicial que acorda a resolución, data desta, clase e número de procedemento, e número de identificación xeral.

c) Os datos persoais identificativos da vítima, domicilio ou domicilios coñecidos da vítima, e relación de parentesco entre a vítima e o condenado ou denunciado sempre que sexa necesario e, en todo caso, nos procedementos de violencia doméstica ou de xénero.

d) A condición de menor de idade da vítima cando se trate de delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais.

Artigo 9. *Información contida na inscrición de sentenzas firmes que impoñan penas ou medidas de seguraza a maiores de idade.*

Cando se trate de sentenzas firmes que impoñan penas ou medidas de seguraza a maiores de idade inscribíranse, ademais, os seguintes datos:

- a) Data da sentenza que impoña a pena ou medida de seguraza.
- b) Data de firmeza da sentenza.
- c) Órgano xudicial sentenciador.
- d) Condición de reincidente e/ou reo habitual do condenado, de ser o caso.
- e) Órgano xudicial de execución da sentenza, de ser o caso.
- f) Número e ano da executoria.
- g) Delito ou delitos e precepto penal aplicado.
- h) Pena ou penas principais e accesorias, medida de seguraza e a súa duración, e contía da multa con referencia á súa duración e cota diaria ou multa proporcional.
- i) Data de comisión do delito.
- j) Participación como autor ou cómplice e grao.
- k) Substitución das penas ou medidas de seguraza, de ser o caso.

- l) Suspensión da execución das penas ou medidas de seguranza, de ser o caso, data de notificación, así como prazo polo que se concede a suspensión.
- m) Prórroga do auto de suspensión das penas.
- n) Data da revogación do auto de suspensión das penas ou medidas de seguranza.
- ñ) Data da remisión definitiva da pena, cumprimento efectivo desta ou prescrición.
- o) Data do cesamento da medida de seguranza.
- p) Expulsión e data desta, cando se acorde como substitución da pena ou medida de seguranza.
- q) Cumprimento.
- r) Acumulación de penas.
- s) Responsabilidade civil derivada da infracción penal.

Artigo 10. *Información contida na inscrición de medidas cautelares, requisitorias, autos de rebeldía ou sentenzas non firmes impostas a maiores de idade.*

Cando se trate de medidas cautelares, requisitorias, autos de rebeldía ou sentenzas non firmes impostas a maiores de idade inscribíranse, ademais, os seguintes datos:

- a) Medidas cautelares, persoais ou reais e ordes de protección nos procedementos de violencia doméstica ou de xénero, indicando data de adopción, de notificación ao sometido á medida ou orde de protección e de cancelación e, de ser o caso, tipo, contido, ámbito e duración, así como as súas modificacións ou substitucións, e delito ou falta obxecto do procedemento. En relación coas ordes de protección indícarase a situación e orixe da solicitude.
- b) Sentenzas non firmes, indicando órgano axuizador, procedemento, data da sentenza, de ser o caso, delitos ou faltas declarados, penas ou medidas de seguranza impostas, e a súa duración ou contía.
- c) Ordes de busca, indicando o órgano xudicial que a acorda, data da orde, tipo de procedemento, delito obxecto do procedemento, pena e duración desta.
- d) Ordes europeas de detención e entrega emitidas polas autoridades xudiciais españolas.
- e) Auto de rebeldía, indicando a data do auto e a da súa anulación.

Artigo 11. *Información contida nas inscricións no Rexistro central de sentenzas firmes de menores.*

Cando se trate de inscricións no Rexistro central de sentenzas firmes de menores, inscribíranse, ademais, os seguintes datos:

- a) Data en que adquire firmeza a sentenza, así como a suspensión, redución ou substitución da medida que acorde o xuíz mediante auto motivado, cando este sexa firme, e demais datos da executoria.
- b) As medidas impostas ao menor, a súa duración e, de ser o caso, o lugar de cumprimento.
- c) A data de prescrición, de cumprimento ou finalización por calquera causa da medida ou medidas impostas.

Artigo 12. *Información contida nas inscricións no Rexistro central de rebeldes civís.*

Cando se trate de inscricións no Rexistro central de rebeldes civís inscribíranse, ademais, os seguintes datos:

- a) Órganos xudiciais que promoveron a inscrición ou solicitaron información sobre a localización da persoa inscrita, así como referencia aos procesos en que apareza como demandado.
- b) Data da resolución en que se acorde a comunicación mediante edictos ao demandado cuxo domicilio se descoñece, sempre que non tivesen resultado positivo as indagacións practicadas.

Artigo 13. *Inclusión de datos no sistema.*

1. A transmisión de datos aos rexistros centrais será realizada a través de procedementos electrónicos polo secretario xudicial que corresponda. Para tal efecto, o secretario xudicial verificará a exactitude do contido da información que, previamente consignada polo persoal da oficina xudicial baixo a súa dirección, se transmita aos rexistros centrais. Esta información deberá remitirse nos seguintes prazos:

a) De forma inmediata e, en calquera caso, no prazo máximo de cinco días desde a firmeza da sentenza ou auto de rebeldía, desde que se adopte a medida cautelar ou sentenza non firme ou desde que se acorde a comunicación edital cando se trate de inscricións nos rexistros centrais de penados, medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, rebeldes civís e sentenzas de responsabilidade penal dos menores.

b) De forma inmediata e, en calquera caso, no prazo máximo de vinte e catro horas desde a firmeza da sentenza ou desde que se adopte a medida cautelar ou sentenza non firme cando se trate de inscricións no Rexistro central para a protección das vítimas de violencia doméstica. Cando as circunstancias técnicas impidan a transmisión telemática a este rexistro central, a transmisión de datos poderase realizar mediante a remisión ao encargado do rexistro dos modelos aprobados por orde do ministro de Xustiza. Os secretarios xudiciais ordenarán que se remita no dito prazo copia impresa deles á policía xudicial para efectos da súa execución e seguimento.

2. En canto as condicións técnicas o permitan, a transmisión da información realizarase directamente desde as aplicacións de xestión procesual e as sinaturas plasmadas nos documentos serán substituídas polas correspondentes sinaturas electrónicas recoñecidas.

## CAPÍTULO IV

### Medidas de seguranza

Artigo 14. *Seguranza do sistema.*

1. Implantaranse no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza as medidas de seguranza que correspondan, de conformidade co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

De cada intento de acceso gardarase, como mínimo, a identificación do usuario, a data e hora en que se realizou, o ficheiro a que se accedeu, o tipo de acceso e se foi autorizado ou denegado. No caso de que o acceso fose autorizado, será preciso gardar a información que permita identificar o rexistro a que se accedeu.

2. As redes de comunicación electrónica xestionadas polas comunidades autónomas que dean soporte aos órganos xudiciais estarán conectadas co sistema de rexistros centrais, nun contorno integrado en rede, que garanta a confidencialidade e autenticidade das ditas comunicacións.

Artigo 15. *Seguranza dos datos.*

Aplicaranse aos datos de carácter persoal contidos no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza as medidas de seguranza que correspondan, de conformidade co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



## CAPÍTULO V

### Certificación dos datos

Artigo 16. *Certificación dos datos inscritos no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.*

Emitiranse certificacións dos datos inscritos no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza nos seguintes casos:

a) Os órganos xudiciais, en relación coas causas que tramiten e para a súa unión ao procedemento, poderán, a través do persoal da oficina xudicial autorizado polo secretario xudicial, obter directamente os datos incluídos nas bases de datos do sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza. Os datos así obtidos achegaranse ao procedemento xudicial mediante dilixencia de constancia do secretario xudicial con plena validez xurídica, sen necesidade de solicitar certificación ao responsable de rexistro.

Sen prexuízo do anterior, os órganos xudiciais poderán obter do rexistro, por vía telemática e de acordo cun modelo normalizado, a certificación.

b) O encargado dos rexistros integrados no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza informará as autoridades de Estados estranxeiros, na forma que determinen as normas comunitarias e os tratados internacionais de asistencia xudicial en materia penal subscritos por España, acerca das sentenzas condenatorias firmes impostas a maiores de idade relativas a estranxeiros ou españois das que exista constancia.

c) O encargado dos rexistros integrados no sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, sempre que non se trate de información reservada a xuíces e tribunais, informará igualmente dos datos contidos nas inscricións dos rexistros centrais de penados, de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, de protección das vítimas de violencia doméstica e de rebeldes civís, por instancia de calquera órgano das administracións públicas ante o cal se tramite un procedemento no que sexa preceptivo este certificado para acceder a un dereito ou adquirir unha condición determinada con consentimento do interesado, salvo que unha norma con rango de lei o exceptúe. Esta información limitarase unicamente aos datos relativos á persoa do interesado.

Artigo 17. *Certificación por petición do titular interesado.*

1. Por petición do titular interesado, poderanse certificar directamente os datos relativos á súa persoa contidos nas inscricións dos rexistros centrais de penados, de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes, de protección das vítimas de violencia doméstica, de sentenzas de responsabilidade penal dos menores e de rebeldes civís e subscribir certificacións negativas a respecto de persoas que non figuren inscritas neles.

2. As certificacións poderanse solicitar respecto de un ou varios rexistros integrados no sistema ou respecto de todos eles. Se se tratar de menores de idade a solicitude deberá ser efectuada, en todo caso, polo seu representante legal. A certificación positiva conterá a transcripción dos datos inscritos, tal e como consten no rexistro no momento da súa expedición, excluindo as inscricións que, conforme unha norma con rango de lei, estean á disposición unicamente dos órganos xurisdicionais.

3. As certificacións serán entregadas directamente ao titular da información penal ou ao seu representante debidamente acreditado por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna.

4. Os particulares poderán solicitar e recibir por correo o certificado correspondente aos seus datos persoais. Mediante orde do ministro de Xustiza determinaranse os requisitos e condicións para que tales solicitudes poidan tramitarse por vía telemática.

5. Os españois que se encontran no estranxeiro poderán solicitar o certificado na oficina consular de España, acreditando previamente a súa personalidade. Poderán solicitar a remisión do certificado ao dito consulado, por correo ao lugar sinalado para o efecto, ou nomear un representante para recoller a certificación no rexistro central ou nunha xerencia territorial do Ministerio de Xustiza.

6. As certificacións a que se refire este artigo e a alínea c) do artigo anterior non incluírán datos relativos ás inscricións derivadas da comisión de faltas.

## CAPÍTULO VI

### Cancelación ou rectificación de inscricións

Artigo 18. *Normas xerais de cancelación ou rectificación de inscricións.*

1. A cancelación das inscricións practícarase de oficio, por instancia do interesado ou por comunicación do órgano xudicial.

Corresponde ao Ministerio de Xustiza resolver o procedemento para a cancelación das inscricións, calquera que sexa a forma de iniciación do procedemento.

2. Os interesados poderán solicitar a cancelación ou rectificación dos seus datos contidos no sistema de rexistros administrativos do Ministerio de Xustiza de apoio á Administración de xustiza. Para estes efectos, dirixirán unha solicitude en que se fará constar o nome e apelidos, a filiación, a localidade, a provincia, a data de nacemento e o documento nacional de identidade, NIE ou tarxeta de identidade ou pasaporte no caso de estranxeiros, presentando co modelo de solicitude o orixinal dos documentos anteriores ou unha copia compulsada deles. Na dita solicitude deberase facer constar de maneira obrigatoria un domicilio para efectos de notificacións. Mediante orde do ministro de Xustiza determinarase os requisitos e condicións para que tales solicitudes poidan tramitarse por vía telemática.

3. Tamén se deberá facer constar a causa ou causas da cancelación ou rectificación que se solicita, e poderanse achegar cantos documentos poidan ser determinantes para o fin solicitado.

4. Ao expediente iniciado por instancia do interesado levaranse as inscricións afectadas, e se da análise delas ou do achegado polo solicitante se deducir que non se dan os requisitos necesarios para proceder á cancelación ou rectificación, o Ministerio de Xustiza denegará motivadamente a petición.

5. O encargado do rexistro, de oficio, cando teña coñecemento a través dos datos que consten no rexistro de que se dan os requisitos legalmente establecidos para a cancelación dunha inscrición, procederá a elevar proposta de cancelación.

Cando se trate de procedementos penais que desen lugar a inscricións nos que non se comunicase ningunha modificación durante os prazos de prescrición establecidos nos artigos 131 e 133 do Código penal, o encargado do rexistro central dirixirase ao secretario xudicial do correspondente órgano xudicial para os efectos de verificar o seu estado procesual, e procederá a cancelar a inscrición cando así resulte da comunicación que este lle remita.

Artigo 19. *Cancelación de inscricións de antecedentes penais.*

1. As inscricións de antecedentes penais cancelaranse, de oficio ou por instancia do titular dos datos, ou por comunicación do órgano xudicial, cando, téndose extinguido a responsabilidade penal, transcorresen, sen delinquir de novo, os prazos previstos e se cumprisen os restantes requisitos sinalados no artigo 136 do Código penal.

2. Cando o procedemento se inicie de oficio ou por instancia do interesado e non conste o informe do xulgado ou tribunal en relación co cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 136 do Código penal, o Rexistro de penados remitirá o expediente no prazo de quince días a fin de que emita informe preceptivamente no prazo máximo de dous meses sobre a cancelación solicitada. O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de tres meses.

3. A información relativa ás inscricións canceladas conservarase nunha sección especial e separada á disposición unicamente dos xulgados e tribunais españois.

Artigo 20. *Cómputo do prazo de cancelación de inscricións de penas suspendidas.*

Cando a cancelación das inscricións de antecedentes penais se refira a penas privativas de liberdade suspendidas por térselles aplicado a remisión condicional, o prazo de

cancelación, unha vez obtida a remisión definitiva, computarase na forma establecida no artigo 136.3 do Código penal.

*Artigo 21. Pluralidade de antecedentes penais.*

Cando se inicie un expediente de cancelación de antecedentes penais de oficio ou por instancia de parte, e deba cursarse a varios xulgados ou tribunais, remitirase o orixinal a aquel que ditase a última sentenza e copias autenticadas a cada un dos restantes. No oficio de remisión deberá constar a listaxe de xulgados ou tribunais a que se solicita información.

*Artigo 22. Cancelación de inscricións de medidas cautelares, ordes de protección, ordes de busca, sentenzas non firmes e autos de rebeldía penal.*

1. A cancelación producirase con carácter automático cando se produza a comunicación xudicial en que se exprese o cesamento da súa vixencia.

2. Tamén se cancelarán as inscricións de medidas cautelares, ordes de protección e sentenzas non firmes relativas a un procedemento en tramitación cando se proceda á inscrición dunha sentenza firme recaída no mesmo procedemento.

3. Así mesmo, a acumulación dun procedemento ou a inhibición en favor doutro xulgado producirán a cancelación das correspondentes anotacións cando o encargado do rexistro verifique a inscrición da medida cautelar, orde de protección, orde de busca ou auto de rebeldía penal no procedemento resultante da acumulación ou a inhibición.

*Artigo 23. Cancelación das inscricións de rebeldes civís.*

1. Procederá a cancelación da inscrición do rebelde civil por instancia do interesado. Tamén poderá o interesado dirixirse ao órgano xudicial remitente da comunicación orixinaria para que sexa o órgano xudicial o que se dirixa ao rexistro para solicitar a cancelación da inscrición en cuestión. Na solicitude deberá indicar o domicilio ao cal se poidan dirixir as comunicacións xudiciais.

2. Cando se acorde a cancelación, o rexistro deberá comunicar o novo domicilio aos órganos xudiciais que aparezan anotados xunto á inscrición.

3. No caso de que se denegue a cancelación instada polo interesado por existiren dúbidas racionais sobre a exactitude do domicilio facilitado, o rexistro deberá indicarlle os defectos que apreciase e recordarlle a posibilidade de instar novamente esa cancelación en canto quedasen reparados.

*Artigo 24. Cancelación das inscricións do Rexistro central de sentenzas sobre responsabilidade penal dos menores.*

Transcorridos dez anos, contados desde que o menor alcanzase a maioría de idade e sempre que as medidas xudicialmente impostas fosen executadas na súa plenitude ou prescribisen, o Ministerio de Xustiza procederá de oficio á cancelación de cantas inscricións de sentenzas referentes a el consten no rexistro.

*Artigo 25. Efectos da cancelación.*

A cancelación rexistral prevista neste real decreto dará lugar á eliminación dos datos de carácter persoal, sen prexuízo do disposto no artigo 19.3 deste real decreto e coa excepción daqueles que resulten necesarios para que sexa posible elaborar as estatísticas previstas no seu artigo 27.

*Artigo 26. Tutela de dereitos.*

De conformidade co disposto no artigo 18.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os interesados poderán obter a tutela da Axencia Española de Protección de Datos en relación co exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación ou cancelación.

Artigo 27. *Información estatística.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, no marco do Plan de transparencia xudicial, poderán elaborar estatísticas dos datos contidos nos rexistros centrais, eludindo toda referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, e as súas disposicións complementarias. En particular, o Rexistro para a protección das vítimas de violencia doméstica proporcionará á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero a información necesaria para permitir o adecuado coñecemento, análise e avaliación da violencia de xénero, con excepción dos datos de carácter persoal dos intervinientes nos procedementos xudiciais. Os datos estatísticos deberán seguir os criterios que estableza a Comisión Nacional de Estatística Xudicial.

Disposición adicional primeira. *Comunicación das ordes de protección ás administracións públicas competentes en materia de protección social.*

1. Os secretarios dos xulgados e tribunais comunicarán as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes, mediante testemuño íntegro, a aquel ou aqueles puntos de coordinación designados pola comunidade autónoma correspondente, que constituirán a canle única de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas, de acordo co establecido no número 8 do artigo 544 ter da Lei de axuízamento criminal.

A comunicación do secretario xudicial remitirase nun prazo nunca superior a 24 horas desde a súa adopción, por vía telemática ou electrónica ou, no seu defecto, por medio de fax ou correo urxente.

2. O punto de coordinación designado fará referencia ao centro, unidade, organismo ou institución que centraliza a información, o seu enderezo postal e electrónico, números de teléfono e fax, réxime horario e persoa ou persoas responsables daquel. No caso de comunidades autónomas pluriprovinciais, poderá identificarse un punto de conexión específico para cada provincia.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial manterá unha relación actualizada dos puntos de coordinación designados, remitirá tal identificación na súa integridade e as súas modificacións ou actualizacións aos ministerios de Xustiza, de Igualdade e do Interior, así como á Fiscalía Xeral do Estado e ao Tribunal Superior de Xustiza, decanatos e xulgados de instrución do ámbito autonómico correspondente.

Disposición adicional segunda. *Prestación de consentimento.*

Para efectos do disposto nos artigos 6.b) e c) e 7.1.b) e c) deste real decreto, o acceso das unidades de Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil e das unidades do Corpo Nacional de Policía responsables da expedición do pasaporte, á información contida nas bases de datos do sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, requirirá o consentimento previo do interesado, quen o poderá manifestar na propia solicitude.

Disposición adicional terceira. *Xurisdición militar.*

Os órganos da xurisdición militar estarán suxeitos ao disposto nesta norma, salvo no que non lles sexa de aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Comunicacións anteriores á entrada en vigor do real decreto.*

As comunicacións que os órganos xudiciais dirixisen ao Ministerio de Xustiza antes da entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa anterior, de a haber.

Disposición transitoria segunda. *Inscripción de medidas cautelares persoais, requisitorias e sentenzas non firmes acordadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

As medidas cautelares de carácter persoal e as requisitorias e as sentenzas non firmes acordadas ou ditadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e que se encontren en vigor, deberán inscribirse no Rexistro central de medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes.

Estas inscricións deberanse efectuar no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Inscripción de penas derivadas da comisión dunha falta nos rexistros de penados e rebeldes e medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes.*

A inscrición de resolucións firmes nos rexistros de penados e rebeldes e medidas cautelares, requisitorias e sentenzas non firmes pola comisión dunha falta producirase a partir do momento en que se encontre en funcionamento o sistema de envío automático de datos previsto no artigo 13.2 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan expresamente derogados o Real decreto do 2 de outubro de 1878, a Real orde do 1 de abril de 1896, o Real decreto 2012/1983, do 28 de xullo, sobre cancelación de antecedentes penais, o Real decreto 231/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro central de rebeldes civís, o Real decreto 232/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de sentenzas firmes sobre responsabilidade penal dos menores, o Real decreto 355/2004, do 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, e cantas disposicións contidas en normas de igual ou inferior rango ao presente real decreto se opoñan ao previsto nel.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1.5 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta norma.

Disposición derradeira terceira. *Alimentación automática da información contida no sistema.*

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con traspasos recibidos en materia de xustiza deberán realizar as modificacións oportunas nos respectivos sistemas de xestión procesual para que a transmisión da información prevista no artigo 13.2 deste real decreto teña lugar no prazo máximo de dezaioito meses, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
MARIANO FERNÁNDEZ BERMEJO